



**Expediente núm.:** 56/2022

**Procedemento:** Selección de Persoal (Programa Fomento do Emprego 2022)

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 4 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (FOMENTO DO EMPREGO)**

Reunidos no Salón de Plenos do Concello de As Nogais o día 23 de marzo de 2022 ás 09:45 horas, os integrantes do Tribunal calificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección e contratación laboral temporal de catro peóns de obras públicas, ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo e que está integrado por:

Cargo	Identidade
Presidente	Ana Belén Alba González
Secretario	Sandra Díaz Álvarez
Vogal	Francisco Pardo Souto
Vogal	Julio López Veiga
Vogal	María José Espín Fontal

**ACORDAN**

**Primeiro.-** Constituír o Tribunal de Selección como órgano selectivo do proceso de convocatoria e probas de selección de tres peóns de obras públicas por concurso-oposición.

**Segundo.-** Como órgano de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e como órgano colexiado administrativo ao artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

**Terceiro.-** A pertenza a este órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación por conta de ningún.

**Cuarto.-** Se se considera necesario, poderán disporse a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, de acordo co previsto na convocatoria. Devanditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

**Quinto.-** Os membros da comisión permanente de selección de persoal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime



Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusalos cando conorra algunha das devanditas circunstancias.

Dáse por terminada a reunión ás 09:55 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a presente acta e dou fe.

### O TRIBUNAL

Asdo. Ana Belén Alba González

Asdo. Francisco Pardo Souto

Asdo. Julio López Veiga

Asdo. M<sup>a</sup> José Espín Fontal

Asdo. Sandra Díaz Álvarez

